



CONCELLO DE  
FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
C.I.F.: P1503800C  
Telf. 981 740 001  
info@concellofisterra.com

exp. 2022/G003/000241

## DECRETO

**ASUNTO:** RESOLUCION POLA QUE SE APROBAN AS BASES QUE REXERAN O PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE 9 PEONS PARA LIMPEZA DE PRAIAS 2022

**EXPEDIENTE:** 2022/G003/000241

**Relacionado co expediente:** 2022/A003/000026

### ANTECEDENTES:

Mediante Resolución de Presidencia da Excma. Deputación Provincial de A Coruña número 2022/12573, do 10/03/2022, aprobáronse as Bases do “Programa MA 100, de Subvencións para limpeza de praias destinados a concellos da provincia da Coruña - 2022”, e publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP), número 50 do 15/03/2022.

No BOP número 56 de 23/03/2022, publícase extracto da resolución número 2022/12573, do 10 de marzo, da Presidencia da Deputación da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do “Programa MA 100, para limpeza de praias marítimas, dirixido a concellos da provincia da Coruña, durante o exercicio 2022”.

Para desenvolver este proxecto, prevese a contratación de nove (9) traballadores/as desempregados/as, inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia, a través de contratos laborais de duración determinada por circunstancias da produción, por situacións ocasionais, previsibles e que teñan unha duración reducida e delimitada, para un período de oitenta e oito días (88) días, a tempo parcial de cinco (5) horas diarias.

Visto o informe desfavorable emitido polo secretario - interventor accidental de 10/06/2022, que consta no expediente.

Por todo o anterior e tendo en conta o disposto no artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVO:

**PRIMEIRO:** Aprobar as BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL DENTRO DO PROGRAMA DE LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS DIRIXIDO A CONCELLOS DA PROVINCIA, DURANTE O EXERCICIO 2022, no seguinte senso:

**“BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL DENTRO DO PROGRAMA DE LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS 2022**

**1º. Obxecto da convocatoria:**

Esta convocatoria ten por obxecto a contratación do servizo de persoal de limpeza de praias e a súa contorna nos termos establecidos na Convocatoria do programa MA100/2022, de limpeza de praias marítimas no 2022 (publicada no BOP número 56, do 23 de marzo de 2022), e na



CONCELLO DE  
FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
C.I.F.: P1503800C  
Telf. 981 740 001  
info@concellofisterra.com

exp. 2022/G003/000241

concesión provisional das subvencións correspondentes ao dito programa (publicada no BOP número 107, do 7 de xuño de 2022).

## 2º. Duración e tipo de contrato:

O contrato de traballo terá as seguintes características:

Contrato de duración determinada a tempo parcial por circunstancias da produción, por situacións ocasionais, previsibles de duración reducida e delimitada, cunha xornada laboral de 5 horas diarias, do 1 de xullo ao 26 de setembro de 2022.

Número de traballadores/as a contratar: 9

## 3º. Funcións:

As funcións e tarefas a desempeñar polos/as traballadores/as serán as que se requiran para manter a praia, a súa contorna e os accesos ás mesmas en perfectas condicións para o uso dos cidadáns.

## 4º. Prazo de presentación de solicitudes:

As instancias dirixiranse ó Sr. Alcalde do Concello de Fisterra e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de 9h a 14.00 h , situado na Rúa Santa Catalina, 1, 15155 Fisterra, A Coruña, ou na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ó de publicación das Bases no Taboleiro de Anuncios do Concello, no taboleiro electrónico (sede.concellofisterra.gal) e na páxina web do Concello (www.concellofisterra.gal), no modelo normalizado que figura como anexo a estas bases.

## 5º. Requisitos dos aspirantes:

- A) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- B) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto.
- C) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas nin atoparse inhabilitado/a, por sentenza firme, para o exercicio das funcións públicas.



CONCELLO DE  
FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
C.I.F.: P1503800C  
Telf. 981 740 001  
info@concellofisterra.com

exp. 2022/G003/000241

D) Estar inscrito/a como desempregado/a no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado/a e estar dispoñible para o emprego.

As administracións Públicas, no ámbito das súas competencias, deberán prever a selección dos/as empregados/as públicos/as debidamente capacitados para cubrir os postos de traballo nas Comunidades Autónomas que gocen de dúas linguas oficiais. Para o caso do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados, estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.

#### 6º. Documentación:

A instancia para participar na presente selección, conforme ao modelo que figura no anexo I, que se acompañará a esta documentación:

- Copia cotexada do documento nacional de identidade.
- Relación de méritos alegados: orixinal ou copia da documentación acreditativa dos méritos que se pretenden alegar.

#### 7º. Admisión de solicitudes:

Rematado o prazo de presentación de instancias, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, no taboleiro electrónico ([sede.concellofisterra.gal](http://sede.concellofisterra.gal)) e na páxina web do Concello ([www.concellofisterra.gal](http://www.concellofisterra.gal)) a lista de persoas admitidas e excluídas. Para reparar os defectos que motivasen a exclusión ou omisión das devanditas listas, as persoas aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da devandita resolución.

#### 8º. Lista definitiva:

Rematado o prazo de emenda dos erros que motivasen a exclusión ou omisión das persoas aspirantes, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello a lista definitiva das persoas admitidas e excluídas, así como o lugar, data e hora de realización do procedemento selectivo e a composición do Tribunal de selección.

No caso de non presentar a documentación acreditativa do coñecemento do idioma galego que se esixa (Celga 1), os/as candidatos/as non serán excluídos por esta causa. O tribunal comprobará mediante a realización dunha proba oral, o coñecemento da lingua galega. A proba cualificarase como apta ou non apta. No caso de ser cualificado/a como non apto/a, o /a candidato/a quedará



CONCELLO DE  
FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
C.I.F.: P1503800C  
Telf. 981 740 001  
info@concellofisterra.com

exp. 2022/G003/000241

automáticamente excluído/a.

9º. Tribunal de selección:

Os tribunais terán a seguinte composición, de acordo co artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e normativa concordante (para todas as prazas): un/ha presidente/a, tres vogais e un/ha secretario/a, que serán nomeados na resolución definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

10º. Procedemento de selección:

A selección realizarase en dúas fases: proba teórica tipo test e valoración de méritos.

1ª Proba teórica:

Consistirá nunha proba de 20 preguntas tipo test, cunha valoración máxima de 6 puntos, e que terá por obxecto avaliar os coñecementos e habilidades para desenvolver as funcións propias do cargo. Comprenderá aspectos como a limpeza medioambiental e en concreto, das praias e a súa contorna; a recollida, tratamento e xestión dos diferentes tipos de residuos, coñecementos básicos sobre seguridade e hixiene e coñecementos xerais sobre as praias e o municipio, segundo o temario que se detalla a continuación:

1.- Coñecemento das praias e do municipio:

- O concello de Fisterra: parroquias, lugares, praias e coñecemento en xeral

2.- xestión de residuos:

- A recollida selectiva: clases de contedores e clasificación dos residuos.
- Tipos de residuos nas praias e zonas costeiras.

3.- O sistema de limpeza nas praias:

- Tarefas a realizar, materiais e maquinaria a utilizar. Procedementos relacionados co traballo a utilizar.
- Coñecementos básicos de seguridade e hixiene no traballo. Equipos de protección



CONCELLO DE  
FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
C.I.F.: P1503800C  
Telf. 981 740 001  
info@concellofisterra.com

exp. 2022/G003/000241

individual

Nesta proba estableceranse para as persoas con minusvalía que o soliciten expresamente na súa instancia, as adaptacións posibles de tempo e medios para a realización da mesma, en condicións de igualdade de oportunidades cos/as demais participantes.

2ª: Valoración de méritos:

Valoraranse os seguintes méritos, conforme aos baremos que se indican:

Sobre un máximo de 4 puntos.

A. Participación en actividades de voluntariado:

Puntuarase 0,10 puntos por cada actuación ou operativo no que se participase como membro voluntario/a de Protección Civil, Cruz Vermella ou outras entidades de interese social ou humanitario, ata un máximo de 1 punto.

A documentación xustificativa acreditarase mediante certificado ou informe que acredite a participación nas actividades ou operativos de voluntariado.

B. Cargas familiares.

Por cada fillo/a menor de 18 anos que conviva no fogar do/a aspirante á praza ó seu cargo e que non perciba retribucións 0,50 pto. A puntuación máxima neste apartado será de 1 punto.

Acreditarase mediante libro de familia, certificado de convivencia ou empadramento e declaración da renda se procede.

C. Por pertencer a colectivos en dificultade de inserción laboral:

COLECTIVO	ACREDITACION	PUNTUACIÓN
Persoas con discapacidade	Certificado de minusvalía dun 33% ou superior	0,25 puntos
Mulleres desempregadas	Tarxeta de demandante de emprego	0,25 puntos
Persoas desempregadas de longa duración	Certificación de períodos de inscrición na Oficina de Emprego	0,25 puntos
Persoas en situación de exclusión social	Informe da área de Servizos Sociais do municipio onde resida a persoa solicitante	0,25 puntos
Vítimas de violencia doméstica	Resolución xudicial, informe da área de Servizos Sociais ou Centro de Información á Muller que	0,25 puntos



CONCELLO DE  
FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
C.I.F.: P1503800C  
Telf. 981 740 001  
info@concellofisterra.com

exp. 2022/G003/000241

	corresponda	
Familias numerosas	Libro de familia	0,25 puntos
Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que teñan dereito	Certificación da Oficina de Emprego de non estar percibindo nin ter dereito a percibir ningún tipo de prestación	0,25 puntos
Unidades familiares con fillos/as a cargo nas que a totalidade dos seus membros están desempregados/as	Certificado de empadramento e vida laboral dos/as integrantes da unidade familiar. Admitirase declaración persoal que deberá ser debidamente acreditada se a persoa candidata resulta seleccionada	1,25 puntos

Enténdese que pertence a un colectivo en dificultade de inserción laboral toda persoa que estea desempregada e inscrita como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego, e na que concorran algunha das seguintes circunstancias:

A puntuación máxima neste apartado é de 2 puntos, sendo os mesmos acumulables.

11º. Nomeamento.

Unha vez que rematen as dúas fases da selección, a Comisión de selección propondrá o nomeamento dos/as aspirantes que acadasen a maior puntuación, non superando o número máximo de prazas convocadas, quedando os/as demais en reserva, por orde da puntuación obtida.

En caso de empate, a orde de puntuación das persoas candidatas establecerase como segue:

- 1-. Puntuación na fase de valoración de méritos.
- 2-. Puntuación na proba teórica.
- 3-. Puntuación no apartado C) da valoración de méritos.

O Alcalde realizará o nomeamento definitivo, mediante decreto, que será publicado no Taboleiro de Anuncios do Concello, no taboleiro electrónico e na páxina web do Concello de Fisterra, formalizando o contrato laboral o primeiro día hábil seguinte á súa notificación.

A Comisión de selección queda facultada para resolver todo tipo de dúbidas que poidan presentarse durante o desenvolvemento das probas.

12º. Recursos:

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos xurdan destas, poderán ser impugnadas polos/as interesados/as nos casos e coa forma prevista na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

## ANEXO I - SOLICITUDE DE PARTICIPACION NO PROCESO SELECTIVO



CONCELLO DE  
FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
C.I.F.: P1503800C  
Telf. 981 740 001  
info@concellofisterra.com

exp. 2022/G003/000241

Apelidos e nome			
D.N.I.		Data nacemento	
Enderezo			
Código postal		Municipio	
Teléfono		Email	

DECLARO:

Ter coñecemento do contido das bases para a contratación de persoal de limpeza de praias, aceptar na súa totalidade o contido das ditas bases e cumprir coa totalidade dos requisitos establecidos nas mesmas.

SOLICITO:

Ser admitido/a neste proceso selectivo de acordo cos termos establecidos nas bases que regulan o mesmo.

Fisterra, .....de..... de 2022.

Asdo .....

DOCUMENTACIÓN QUE SE APORTA

- Solicitud de participación no proceso selectivo (anexo I) (obligatorio)
- Copia do DNI (obligatorio)
- Copia da tarxeta de demandante de emprego (obligatorio)
- Acreditación do idioma galego (Celga 1 ou equivalente)
- Documentación acreditativa da participación en actividades de voluntariado
- Documentación acreditativa das cargas familiares (libro de familia, certificado de convivencia, empadronamento e declaración da renda)
- Certificado de minusvalía dun 33% ou superior
- Certificación dos períodos de inscrición como demandante de emprego



CONCELLO DE  
FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
C.I.F.: P1503800C  
Telf. 981 740 001  
info@concellofisterra.com

exp. 2022/G003/000241

- Informe dos Servizos sociais (persoas en situación de exclusión social)
- Libro de familia (familias numerosas)
- Resolución xudicial, informe dos Servizos sociais ou Centro de información á Muller (acreditación de muller vítima de violencia)
- Certificación da Oficina de Emprego de non estar percibindo nin ter dereito a percibir ningún tipo de prestación
- Certificado de empadronamento, informe de vida laboral ou declaración persoal (no caso de que todos os membros da unidade familiar están desempregados/as)".

SEGUNDO: Visto o informe emitido polo Secretario-Interventor Accidental, de data 10/06/2022, que consta no expediente de natureza desfavorable, esta alcaldía considera que non é posible atender os requirimentos que constan no devandito informe, en base ao seguinte:

- Tendo en conta que xa estamos na tempada de verán e a urxente necesidade de iniciar o servizo de limpeza de praias, non se poden seguir as directrices que se inclúen no devandito informe, polo prexuízo que ocasionaría á poboación local e aos usuarios das praias.

TERCEIRO. Publicar as bases na páxina web do Concello e no taboleiro electrónico, coa finalidade de que os/as interesados/as en participar neste procedemento, presenten as instancias nun prazo de cinco (5) días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación das bases na páxina web municipal e no taboleiro electrónico deste concello.

CUARTO. Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre.

Mandouno e asina o Sr. Alcalde en Fisterra, a venres 10 de xuño de 2022 , do que eu, como secretario, certifico.

**O ALCALDE,**

José Marcote Suárez

**ANTE MIN**

**O SECRETARIO-INTERVENTOR ACCIDENTAL,**

Juan Carlos Carril Pérez